

25novembro2017

Día Internacional para a Eliminación
da Violencia contra as Mulleres



STES-INTERINDICAL
Organización de Mulleres



25 Novembro 2017

Propostas Didácticas

Contra a violencia
institucional:
XUSTIZA para todas.

índice


Manifesto 25 de novembro da Asemblea de Mulleres do STES e da Organización de Mulleres da Confederación Intersindical.	Páx. 3
Xustificación e obxetivos	Páx. 5
Educación Infantil	Páx. 7
Educación Primaria. Alumnado de 6 a 9 anos.	Páx. 9
Educación Primaria. Alumnado de 9 a 12 anos.	Páx. 10
Alumnado de 12 a 15 anos.	Páx. 10
Alumnado de 15 a 18 anos.	Páx. 15
Actividades en inglés.	Páx. 18
Educación de Persoas Adultas	Páx. 19
Recursos: Que ler, que ver, que escoitar, que visitar...	Páx. 20
Entre lei e pacto, seguen a asasinarnos, de Macu Gimeno.	Páx. 24
Táboa de feminicidios	Páx. 26

25 Novembro 2017

Propostas Didácticas



STES INTERINDUCINDICAL
Organización de Mulleres



Elaboración e Coordinación:

Organización de Mulleres de STES-i, Organización de Mulleres de Confederación Intersindical e Área de Publicacións da Confederación Intersindical.

Portada, deseño e maquetación:

Mario Padilla Fernández. Área de Publicacións da Confederación Intersindical.

Edición e Distribución:

Confederación Intersindical. C/ Carretas, 14, 7º F, 28012 MADRID.

Tel.: 91 523 14 78. Fax: 91 532 22 80.

Correos electrónicos: o.mujeres@stes.es | publicaciones@intersindical.es | www.stes.es

Colaboraron na elaboración destas propostas didácticas:

Elisa Simón Mateo, Loly Verde Trujillo, Inma Ortells Rodríguez, Mª Carmen Gil Robles, Macu Gimeno Mengual, Patricia Ruiloba Gutierrez, María Jesús de León Morgado, Mario Padilla Fernández y María Luz González Rodríguez.

Tradución: Pía Outeiriño Calle, Xosé Vieito Carcía e Emilio Xosé Ínsua López

Esta publicación ou calquera parte dela pódese reproducir e distribuír libremente, aínda que nos gustaría que nos citárais.

25novembro2017 | Contra a violencia institucional: XUSTIZA para todas.

25 de Novembro de 2017

Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres

Manifesto 25 Novembro Organización de Mulleres da Confederación Intersindical Asambles de Mulleres do STEG

Contra a violencia institucional: XUSTIZA para todas.

“No que vai de ano 2017 van 46 mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas, e en moitos casos non houbo denuncias previas”.

Imos analizar esta afirmación. Cando dende os medios se insiste en que non se puxeron denuncias previas, quérese dicir que a muller non sufrira violencia ata ese momento? Seica este feito lávanos a conciencia e fai que nos sintamos menos culpables da indefensión que sofren as mulleres vítimas de violencia de xénero?

Diante do repunte dos asasinatos de mulleres créanse comisións para determinar as causas destes asasinatos.

De verdade necesitamos crear comisións para analizar e determinar por que os homes asasinan as mulleres que son ou foron as súas compañeiras? Non é necesario facer sisudos estudos para entender que a orixe destes asasinatos está no patriarcado e no concepto de posesión que moitos homes teñen das mulleres.

Imos un pouco máis aló: pretendemos que mulleres que viven nunha contorna de violencia denuncien o seu maltratador cando este feito vai supoñer deixar en mans desta persoa ás súas fillas e fillos?

Tendo en conta que, no que vai de ano, foron asasinados polos seus pais, durante o réxime de visitas imposto polos tribunais, 11 nenas e nenos, podemos preguntarnos que nai vai separarse da súa parella se sabe

que iso pode supoñer deixar ás súas criaturas en mans dun maltratador. Moitas mulleres coñecen ameazas repetidas en moitos casos ao longo de anos de sufrimento. Falamos de advertencias do tipo: “Como me deixes, non volverás ver os teus fillos e fillas”.

O Goberno, e colateralmente a Xustiza, non establece as medidas necesarias para darlles protección. Cando mulleres como María, Juana, Susana... e moitas máis deron un paso á fronte abandonando o seu maltratador, atoparon no entanto un Poder Xudicial que non cumpriu coa lexislación vixente. Non esquezamos que non son as mulleres quen incumpren as leis, senón que o fan eses xuíces e xuízas que non teñen en conta a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Dous artigos da mesma, o 65 (Das medidas de suspensión da patria potestade ou a custodia de menores) e o 66 (Da medida de suspensión do réxime de visitas, estancia, relación ou comunica-



Contra la violencia institucional: XUSTIZA para todas.

ción cos menores) ditaminan a supresión da patria potestade, a custodia ou a supresión do réxime de visitas e neles recóllese textualmente que o xuíz ou xuíza “adoptará as medidas necesarias para garantir a seguridade, integridade e recuperación dos menores e da muller, e realizará un seguimento periódico da súa evolución”... As mulleres revélanse ante sentenzas contrarias á lei, pois, que nai quere deixar voluntariamente as súas criaturas en mans dun maltratador?

Fai falla formación específica e unha especial sensibilización sobre o tema para todas as persoas que teñen que traballar con mulleres que sofren violencia machista, non só no Poder Xudicial (xudicatura, fiscalía, avogacía...) senón tamén entre as traballadoras sociais e persoal médico, os corpos de seguridade e todas as persoas concernidas na aplicación de medidas integrais contra a violencia cara ás mulleres. Porque é fundamental que as mulleres se sintan protexidas e cómodas.

Aprobouse o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, pero a pesar da alegría inicial das asociacións feministas, non deixa de ser un “consenso de mínimos” e, aínda que houbo unanimidade entre todos os grupos parlamentarios, este documento ten máis de informe que de pacto. Hai aínda moitos interrogantes sobre cuestións fundamentais que quedaron fóra.

Esperamos que o citado Pacto non quede en mera declaración de intencións e que no seguimento do mesmo non se deixe fóra ás organizacións de mulleres e feministas. Esperamos tamén que as partidas orzamentarias sexan suficientes e que se inclúan todos os supostos de violencia machistas contemplados no Convenio de Istambul. Falta que a erradicación das violencias contra as mulleres sexa prioritaria nas axendas políticas. Só así será posible a súa eliminación.


É, xa que logo, o propio Estado e as súas institucións quen está a fallar na prevención e erradicación da violencia contra as mulleres, non as propias mulleres.

POR TODO ISTO, CONTRA A VIOLENCIA INSTITUCIONAL, XUSTIZA PARA TODAS.

25 de novembro de 2017

Asemblea de Mulleres do STEG

Organización de Mulleres da Confederación Intersindical



Proposta de actividades 25 de novembro de 2017

Contra a violencia institucional: XUSTIZA para todas.

Xustificación:

A Organización de Mulleres da Confederación Intersindical, outro 25 de novembro máis, Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, fai un chamamento a todos os axentes da comunidade educativa invocando a transcendencia e magnitude que a educación supón para erradicar unha das maiores e máis perniciosas lacras en todas as partes do planeta: a violencia que se exerce cara ás mulleres. Esta violencia prodúcese en todos os ámbitos da sociedade: de xeito explícito a través dos malos tratos, os feminicidios, a explotación e tráfico con fins sexuais, nos conflitos armados ou no acoso sexual; e de maneira simbólica a través dos medios de comunicación, a violencia desculpada nas tradicións culturais e relixiosas ou a violencia institucional tolerada e silenciada.

Con esta finalidade dirixímonos a vós, alumnado, profesionais da docencia e da orientación nos centros, e ofrecémosvos esta nova contribución a nosa tarefa educativa mediante esta proposta didáctica con actividades para traballar na aula, estruturada para todos os niveis educativos desde infantil ata persoas adultas.

Con estes materiais pretendemos contribuír a configurar un curriculum non sexista, onde se supere a histórica invisibilidade das mulleres e onde se ensine e se aprenda a construír a igualdade entre mulleres e homes, achegando materiais e estratexias que permitan detectar e combater situacións e condutas que levan á violencia contra as mulleres, ao mesmo tempo que fomentar cambios cognitivos, emocionais e actitudinais que permitan construír unha convivencia entre todas as persoas rexida polos principios de xustiza social, equidade, e igualdade.

Apostamos por unha formación de todas as persoas que traballan con mulleres vítimas de violencia machista, traballadoras sociais, poder xudicial, policía, porque é necesario que estas mulleres reciban o apoio que necesitan e así evitar situacións de desprotección que ocorreron.

Ante a violencia institucional, xustiza para todas.

Contidos:

- Xeitos de violencia contra as mulleres.
- Roles e estereotipos sociais que contribúen á violencia contra as mulleres.
- Novas tecnoloxías e redes sociais como instrumentos para exercer violencia contra as mulleres.
- Violencia simbólica: os cánones de beleza feminina, publicidade e os medios de comunicación. Preven-

ción de violencia de xénero a través da educación en igualdade.

- Consecuencias da desigualdade de xénero na nosa sociedade.
- Linguaxe sexista.
- Micromachismos: a sutileza das novas formas de violencia.
- Violencia institucional, mecanismos para a súa detección.

Obxectivos:

- Educar en igualdade como instrumento para previr todo tipo de violencia cara ás mulleres, potenciando actitudes de respecto cara ao feminino.
- Definir, visualizar e identificar todas as formas de violencia que se exercen sobre as nenas e mulleres.
- Desenvolver un espírito crítico ante os costumes, crenzas e prácticas sociais lexitimadas pero que implican violencia contra as mulleres.
- Dotar de estratexias que permitan detectar as actitudes violentas e sexistas cara ás mulleres nas contornas máis próximas, familia, amizades, centros educativos.
- Reflexionar criticamente sobre todos aqueles mitos que minimizan o problema da violencia de xénero.
- Reflexionar sobre a desigualdade e disimetría entre sexos no ámbito social, laboral e económico como causa da violencia de xénero.
- Coñecer os mecanismos e protocolos de actuación ante a violencia machista.
- Detectar a linguaxe sexista máis agresiva nos medios de comunicación, libros de texto, música, arte, etc, e desenvolver estratexias de modificación para unha linguaxe inclusiva.
- Detectar a violencia simbólica que se exerce socialmente contra as mulleres, e desenvolver unha actitude de rexeitamento fronte a ela.
- Reflexionar sobre as novas formas de violencia cara ás mulleres a través das redes sociais.
- Recoñecer a violencia de xénero como un problema



social que nos afecta todas e todos e desenvolver actitudes de loita activa contra esa lacra.

- Adquirir unha imaxe axustada de cada cal co fin último de manter unha autoestima axeitada.
- Concienciar ao alumnado para compartir e asumir responsabilidades, familiares e sociais, de forma conxunta evitando estereotipos sexistas.

Metodoloxía:

Ao longo da Unidade Didáctica utilizaremos unha metodoloxía activa e participativa que propicie no noso alumnado, por unha banda cambios nas actitudes individuais, nos seus coñecementos e as súas habilidades para eliminar as ideas erradas que subxacen no fenómeno da violencia de xénero, e por outra banda que o capacite con estratexias para detectar e recoñecer os distintos xeitos de violencia cara ás mulleres e os posibles casos de malos tratos que atopen arredor seu.


Así pois a presente UD fai uso de técnicas que promoven o cambio nas ideas previas do alumnado, a través da contrastación con todo tipo de fontes documentais, escritas, visuais, musicais así como coa opinión dos seus iguais, sendo esta técnica, sobre todo na Educación Secundaria, unha das máis eficaces para afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe, dada a elevada receptividade a ser educados polos seus iguais. Entre as técnicas utilizas destacamos os grupos de discusión, xogos, role play, escritura creativa, análise de documentos, películas, cancións, debate grupal.

As actividades que elaboramos trabállasen unhas de xeito individual, buscando a reflexión persoal, e outras de xeito cooperativo, propiciando a participación e o debate de alumnas e alumnos potenciando en unhas e outros os tipos de actividades a sensibilización ante este importante problema e a concienciación para unha participación activa na súa erradicación.

Criterios de avaliación:

A proposta que presentamos non corresponde cunha unidade didáctica clásica, e por tanto non pretendemos unha avaliación disciplinada da mesma. Con todo, acadaríamos con éxito os nosos obxectivos se ao finalizar o alumnado:

- Mostra actitudes de respecto cara ás demais persoas sen ningún tipo de discriminación por razón de xénero.
- Recoñece e diferencia os distintos xeitos de violencia cara ás mulleres e nenas na súa contorna próxima.
- Mostra unha actitude crítica ante accións ou fenómenos que supoñen discriminación ou violencia cara ás mulleres nos costumes, crenzas e prácticas sociais habituais.
- Coñece e utiliza estratexias para detectar e erradicar actitudes violentas e machistas na contorna máis próxima: familia, amizades, centros educativos...
- Detecta e mostra rexeitamento cara a aqueles mitos que minimizan o problema da violencia de xénero (superioridade "natural" do home, o amor todo o pode, compatibilidade entre amor e malos tratos, o amor require entrega total e perda de intimidade, o amor é posesión e exclusividade etc.)
- Identifica as desigualdades entre sexos no ámbito social, laboral e económico como causa da violencia de xénero
- Coñece e sabe poñer en práctica os mecanismos e protocolos de denuncia das actitudes violentas cara ás mulleres.
- Detecta usos sexistas da linguaxe en distintos medios e utiliza estratexias para corríxilos.
- É capaz de detectar as distintas manifestacións de violencia simbólica cara as mulleres, e mostra rexeitamento fronte a elas.
- Considera a violencia de xénero como un problema e implícase activamente na súa erradicación.
- Adquire unha imaxe axustada á súa propia existencia, pero en igualdade coas outras persoas.
- Adquire unha imaxe axustada de cada persoa co fin último de manter unha autoestima axeitada.
- Comparte e asume a corresponsabilidade evitando estereotipos sexistas.



“ Educación Infantil ”

Actividade 1: Confío nas demais persoas

Realizaremos unha actividade para crear un marco de aceptación, respecto e confianza do alumnado.

O alumnado distribúese polo espazo aleatoriamente; a toque de tambor, móvese. Ao cesar a música, cada persoa ha de colocarse fronte á compañeira ou compañeiro máis próximo ao cal abrazará. Repítese ata que entre en contacto a maioría do alumnado.


Cando o/a docente o considere, para de novo o son para que elixan outra vez. Nesta ocasión levará a quen lle toque suxeito por un cóbado, coidando de que non choque con ninguén, xa que levará os ollos tapados (coa man libre, por exemplo). A unha orde, cámb-

bianse os roles pero antes diranse algo afectivo (grazas por coidarme, gustoume...).

Cando repetisen, sentarán fronte a fronte e comentarán o que sentiron.

Como continuación da actividade, poñerase a disposición do alumnado, cores de distinto tipo e unha cartolina DIN A3. Pediráselles que enchen a cartolina coas cores que os e as fagan sentir ben.

Nunha sesión posterior, realizaremos unha exposición de todas as láminas. comentando que son todas preciosas, todas están ben (reforzo afectivo, respecto polo traballo das demais persoas).



Actividade 2: A nube das palabras boas

O profesor ou profesora debuxará e recortará unha gran nube.

Cando o alumnado estea sentado en semicírculo fomentase un diálogo ao redor de dúas preguntas:

A) Que é mellor levarnos ben ou pelexarnos?

B) Falar as cousas ou golpearlos e insultar-nos?

C) Dicirnos cousas boas ou cousas feas?

Unha vez terminada a conversa, irán dicindo palabras boas e bonitas que podemos dicirnos as persoas para sentirnos mellor.

Ponse a nube no chan de maneira que sexa visible. Ábrese unha quenda na que expresarán que palabra lles gusta máis O/a profesor/a irá anotando as palabras en rectángulos de papel

de cores que preparou previamente e dáselle a quen a elixira. Cando cada cal teña a súa, pegarána por detrás e por diante na nube, xa que esta irá colgada do teito para que se vexa mellor e lembren todas as cousas boas que se poden dicir.

NOTA: En cursos superiores será o alumnado o que escriba a palabra na cartolina.

Actividade 3: Todas as persoas somos iguais e distintas

Presentarase ao alumnado unha bóla do mundo e explicáremoslle que é e para que serve. Á vez teremos na parede un mapa do mundo.

Conversaremos sobre as distintas cores de pel que podemos ter as persoas, mostrándolles fotos.

Buscaremos co alumnado semellanzas e diferenzas, chegando á conclusión de que por fóra podemos ser diferentes pero por dentro sentimos e pensamos igual, aínda que os nosos costumes sexan diferentes.

O docente preparará previamente catro contornos do corpo que se recortarán en partes axustables, xa que serán recortadas polos mesmos sitios.

Dividimos a clase en tres grupos. Cada grupo coloreará as partes dun corpo dunha cor (negro, amarelo, marrón).

Ao terminar de colorear haberá que formar os bonecos



coa consigna de que han de mesturarse as cores.

Outro día o alumnado elixirá un contorno e pintaráo da cor que desexa elixindo: negro, amarelo e marrón xa que o branco non é necesario colorealo. Cos devanditos bonecos, encheremos o mapa do mundo previo

asesoramento do profesorado de en que país hai que colocalo.

Como variante para o recheo do mapa pódense traer fotos de persoas que se irán colocando segundo a súa procedencia.

Comentar que esta actividade realízase en varios días.

NOTA: Segundo a idade pódese ir complicando.

COMENTARIO: En Argentina o día 8 de Maio é o Día Internacional da Loita Contra a Violencia Institucional.





Educación Primaria

Actividades para alumnado de 6 a 9 anos



Actividade 1: Elaboramos as nosas normas

Introducimos unhas preguntas na asemblea de clase para que o alumnado valore a necesidade dunhas regras, normas ou leis básicas na nosa sociedade, con preguntas como: Que pasaría se nun partido de fútbol non houberse regulamento? E se non tivéssemos unhas normas básicas de convivencia no cole ou en casa?

Achegamos ideas co fin de elaborar as nosas propias regras da clase. A modo de exemplo poden ver o seguinte vídeo dos Minions. <https://www.youtube.com/watch?v=gcT7xGcf4-0>

Tras analizar as achegas e chegar a acordos, podemos elaborar unha táboa que recolla as normas básicas para previr conflitos e outras para actuar de forma pacífica ante eles. Con iso aprenden a xestionar comportamentos agresivos e a resolver conflitos que xurdan.

APRENDEMOS REGRAS PARA...	
NON PERDER O CONTROL	RESOLVER UNHA PELEXA
Respiración profunda e contar ata 10	Utilizar mediadores
Utilizar un espazo para reflexionar	



Unha vez establecidas as normas de clase, deberemos colocalas nun lugar visible para telas sempre presentes.

Comentar co alumnado que na nosa sociedade existen leis xerais para garantir os dereitos de todos os cidadáns e cidadás e que hai leis concretas para defender os dereitos das mulleres e a igualdade entre homes e mulleres. Os nenos e nenas recollerán información en casa sobre algunhas destas leis para comentalas posteriormente na aula.

Actividad 2: Construindo nubes

Co fin de detectar as ideas preconcebidas do grupo clase con respecto ao termo "violencia de xénero", os nenos e nenas irán escribindo sucesivamente nunha gran nube as palabras que lles veñan á cabeza cando falamos deste termo. Unha vez feitas as achegas, leranse en voz alta, tentando sinalar as ideas acertadas e os prexuízos ou as que se afastan da realidade. Posteriormente convidamos á clase a unha persoa que desempeñe un cargo na área da Muller da cidade para informar sobre o novo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero: descrición deste termo, tipos de violencia, logros conseguidos, importancia das leis e pactos contra a violencia de xénero... Antes da visita, a clase divídese en grupos para elaboraren preguntas sobre os conceptos que aínda non teñan claros, ou desexan saber máis, e dirixilas á persoa convidada.

Concluída a visita, o alumnado volve escribir noutra gran nube palabras que definan este termo. Desta forma contrástanse as ideas preconcebidas coas novas aprendidas durante o desenvolvemento da actividade, sendo conscientes do que aprenderon sobre a Violencia de Xénero.

**VIOLENCIA
DE XÉNERO
ANTES**

**VIOLENCIA
DE XÉNERO
DEPOIS**





Educación Primaria

Actividades para alumnado de 9 a 12 anos



Actividade 1

Repártense cartóns co vocabulario básico entre varios grupos: feminismo, machismo, "hembrismo", xénero, sexo, violencia de xénero, etc. Despois repártense os cartóns coa definición (ou ben proxéctanse nun Power Point) e teñen que ir asociando cada palabra coa súa definición.

Actividade 2



Prepárase un Power Point ou mural sobre exemplos do que é a violencia institucional contra as mulleres: Violencia Institucional (VI) é a revitimización das vítimas ante casos de agresións (sexuais ou doutro tipo de violencia); VI é permitir ter custodia dos fillos a pais maltratadores; VI é a falta de recursos e medios para a protección ás vítimas de violencia de xénero; VI é querer poñer unha denuncia e non che faceren caso; VI é cando maltratan ás mulleres en hospitais, xulgados, fiscalías, escolas, etc.

Procurar noticias relacionadas con eses exemplos, ou tratar de poñer máis exemplos de posible violencia institucional.



De 12 a 15 anos



Actividade 1

O descoñecemento dos dereitos que protexen ás mulleres e a falta de apoio adecuado por parte das institucións, trae consigo en moitos casos que as mulleres reincidan nos vínculos de malos tratos, por crer que non existe un camiño alternativo.


Analizaremos en pequenos grupos esta curta que analiza a violencia institucional que sofren as mulleres cando chegan a denunciar un caso de malos tratos.

"XUSTIZA DE XÉNERO" <https://www.youtube.com/watch?v=Gi0QeQ9WT5w>

Cada grupo investigará sobre as tácticas que se deben establecer para atender a estas mulleres e gravarán un vídeo explicándoo

Actividade 2

Con motivo do 25N realizarase no centro unha serie de charlas para explicar ao alumnado en que consiste a Violencia Institucional e mecanismos para erradicar esta violencia. Con toda a información que obteñan elaborarán vídeos de denuncia, mostrando situacións de violencia institucional e colgaranse nas redes sociais do centro educativo.



Campana "JUSTICIA DE GENERO" - La Denuncia - Fundación AVON Y AMJA
18 924 visualizaciones

179 4 COMPARTIR

De 15 a 18 anos

Actividade 1: Achegármonos ao concepto de *violencia institucional*

Estas actividades están destinadas a mozos e mozas de 15 a 18 anos, que correspondería ao tramo final da Educación Secundaria: 4º de ESO e Bacharelato. Están deseñadas para ser traballadas en dúas sesións de clase, co obxectivo de poder profundar nelas.

"(...) Os Estados non só fallan na prevención e erradicación da violencia contra as mulleres a mans de terceiros, senón que son eles mesmos xeradores de violencia institucional". Amnistía Internacional: O Estado como "aparello reprodutor" de violencia contra as mulleres.

O obxectivo desta actividade é achegar o alumnado ao concepto de violencia de xénero institucional. Mostrarlles que para podermos comprender axeitadamente a violencia de xénero debemos entender que se alimenta en moitos casos da propia violencia estatal, sexa por accións ou omisións realizadas polo propio Estado, ou polas súas autoridades. As prácticas de violencias institucionais poden desenvolverse en calquera dos campos onde o Estado ha de actuar en relación á prevención, atención e reparación do dano, e forman parte do patriarcado do que se nutre o propio sistema capitalista, patriarcal e imperialista.

Previamente o profesorado pode consultar:

- *Violencia de xénero e violencia institucional*, de Encarna Bodelón. <http://revistaseug.ugr.es/index.php/acfs/article/view/2783/2900>
- *Violencia institucional contra as mulleres: vulnerables e revitimizadas*, de Jacqueline Fernández, en <https://www.amnistia.org/blog/2017/07/violencia-institucional-contra-las-mujeres/>
- **Artigo completo recomendado para o alumnado, de Alma González Donas**, "O machismo institucional nas campañas contra a violencia de xénero", na ligazón: <http://www.tribunafeminista.org/2017/01/el-machismo-institucional-en-las-campanas-contra-la-violencia-de-genero/>



Actividade 2

a) Lectura en grupo de 4 persoas do seguinte texto, poñendo especial atención nos fragmentos subliñados en vermello. Exposición de conclusións e debate sobre o concepto de violencia e machismo institucional. Unha vez finalizada a exposición de conclusións cada grupo deberá elaborar un lema para a campaña contra a violencia de xénero que se desenvolverá no seu centro. (1 hora)

"O ano 2016 rematou con 44 vítimas mortais por violencia de xénero (unha cifra que podería aumentar a medida que se resovan os sete casos aínda en proceso de investigación). A pesar de que os datos nesta materia revelan unha tendencia lixeiramente decrecente, o problema da violencia de xénero continúa supoñendo unha secuela social e un alarmante sinal de desigualdade entre homes e mulleres. Desde 2003, 870 mulleres foron asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas neste país.

As institucións non son alleas a este urxente problema social. En España, tanto o goberno central como os gobernos autonómicos desenvolveron recursos para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e levaron a cabo campañas de sensibilización para que este problema deixe de experimentarse como un "conflito privado" dentro da parella.



Pero a pesar destes aparentemente ben intencionados esforzos da administración pública, a pouco que se analicen as campañas contra a violencia de xénero ata agora lanzadas é posible constatar como a ideoloxía machista “permea” os discursos institucionais e mediáticos, mesmo cando o que se pretende é concienciar á cidadanía do perigo de perpetuar esta cultura sexista.


O principal problema que se fai visible ao analizarmos as campañas do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, é o trato da violencia de xénero como un fenómeno natural, impersoal e inevitable. Unha gran maioría das campañas institucionais contra a violencia de xénero diríxense á vítima: “Se hai saída á violencia de xénero é grazas a ti” reza o slogan da campaña do MSSSI dos dous últimos anos nun anuncio no que a veciñanza dunha muller maltratada anímana para que denuncie a súa situación. “Se o teu mozo che fai sentir medo, cóntao” é a mensaxe do Ministerio na súa campaña de 2014.

Desde o goberno a mensaxe é única e repítese con incansable insistencia: denuncia. As causas da violencia experimentada por estas mulleres ignóranse, e o peso recae sobre a actuación da vítima. “Non te saltes os sinais. Elixir vivir.” Con esta desafortunada elección de palabras o MSSSI urxía ás mulleres vítimas de violencia de xénero a denunciar os malos tratos en 2012. Con todo, ser vítima de violencia de xénero non é unha “elección” das mulleres. As mulleres asasinadas non “elixiron” morrer a mans de homes cos que compartían ou compartiran nalgún momento as súas vidas. O feito de que se poña a disposición das mulleres un teléfono de axuda (o 016), e se reduza a súa falta de uso a unha mala elección por parte da vítima, supón unha simplificación do problema e responsabiliza inxustamente ás mulleres da súa situación. Resulta ademais deshonesto suxerir que a denuncia sempre fornece un efecto positivo nas vidas destas mulleres: unha alta porcentaxe de vítimas mortais xa presentara denuncia contra o seu agresor.



Aínda que é importante que as mulleres coñezan e fagan uso dos servizos públicos de atención e acollida ás vítimas de violencia de xénero, estes recursos non supoñen en ningún caso un medio para a erradicación da violencia contra as mulleres. É que, a pesar do que o Ministerio de Igualdad queira facernos crer, poñerlle fin á violencia de xénero non depende das vítimas, senón da erradicación do machismo na nosa sociedade.

A violencia de xénero non é un fenómeno natural nin inevitable. Trátase dun síntoma do machismo que impregna a nosa cultura e que se manifesta nas nosas relacións; un machismo tan naturalizado que nos resulta inconcebible que poida chegar a desaparecer da nosa realidade cotiá. Por este motivo inventamos subterfuxios para sobrevivir aos brutais efectos desta ideoloxía, urxindo ás mulleres para escaparen dos seus fogares cando os homes máis próximos a elas ameazan con destruílas física e emocionalmente”.



b) Analizamos casos concretos de violencia institucional. Cada grupo recibirá un dos 8 exemplos que a continuación se propoñen (ou outros que consideren oportunos). Deberán analizar os trazos da violencia que se producen nese exemplo. (30 minutos).

CASO 1

“Organizacións civís e Goberno recompilan datos dun xeito diferente. Desde o ano 2003, a “Delegación del Gobierno para la Violencia de Género”, un organismo existente dentro do Ministerio de Sanidad, Asuntos Sociales e Igualdad, mantén un rexistro oficial destes asasinatos. As cifras que colleita este organismo son aquelas que a Lei “Integral de Violencia de Género” identifica como tales. Só se contabilizan os asasinatos realizados por parellas ou exparellas (aqueles homes cos que as mulleres teñan ou tivesen unha relación afectiva recoñecida ou de convivencia) e as únicas vítimas contabilizadas son as mulleres coas que mantiveran esa relación e recentemente (desde 2013) os fillos que son asasinados.

Os datos oficiais sobre violencia de xénero só recollen datos das mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas e dos menores (desde 2003)

Isto supón que, se nun mesmo acto un home asasina á súa parella ou exparella e á nai dela, á súa veciña, á súa amiga ou á súa cuñada que nese momento estaban con ela, as estatísticas só contabilizan á primeira, pero non se considera vítima da violencia machista ás que a rodean. Tampouco aqueles que foron asasinados tentando evitar un asasinato machista.

É o caso de Ana Hilda Linares, de 55 anos, que a finais de maio deste ano foi asasinada a coiteladas polo seu sobriño segundo de 29 anos, un día despois de que ela o denunciase por tentar asfixiar á exparella deste, sobriña de Linares. Con todo, non se conta entre as 28 mulleres asasinadas que o ministerio recoñece en 2017, por non ser considerado un crime de violencia de xénero”.

<http://www.publico.es/sociedad/violencia-genero-no-revelan-estadistica-violencia-machista.html>

CASO 2

“Teresa Rodríguez denuncia por acoso sexista a un empresario. Manuel Muñoz Medina cualifica o incidente de “broma desafortunada” e atribúeo a unhas copas de máis tras unha comida de empresa. A coordinadora e portavoz de Podemos en Andalucía, Teresa Rodríguez, presentou unha solicitude de conciliación xudicial, o proceso previo á vía civil ou penal, contra un empresario sevillano que lle deu un trato “degradante e sexista”. Segundo explica, o empresario é Manuel Muñoz Medina, presidente da empresa Guadarte e vogal da Cámara de Comercio de Sevilla. Os feitos ocorreron durante a inauguración dunha exposición da Axencia EFE en Sevilla. Aínda que a líder de Podemos Andalucía se escusou por falta de tempo, dado que ía de regreso a Cádiz, subiu uns minutos ás oficinas para saudalos. “Acomei apenas ao limiar do despacho e, cando me dispuxen a marchar, saíron dous homes ao paso” que proviñan dunha das salas desa mesma planta. Con actitude “abertamente informal”, un deles saudouna con dous bicos e o outro, Muñoz Medina, acurralouna contra a parede e simulou bicala interpoñendo a súa man entre as bocas de ambos. “O señor que me amordazou, empuxou, e deu un ‘bico finxido’ na boca, lonxe de desculparse comentou: ‘claro que a coñezo, estou farto de vela na tele. Nese momento sinto paralizada, humillada, aldraxada e sinto desexos de marchar canto antes de alí. En declaracións ao diario dixital elindependiente.com, o empresario Muñoz Medina cualificou o incidente de “broma desafortunada” e atribuíuno a que, tras participar nunha comida de empresa, estaba ebrio. “Pascime sete lugares”, afirmou o empresario, que asegurou sentirse *totalmente avergoñado*”.

<http://www.elperiodico.com/es/politica/20161223/teresa-rodriguez-denuncia-por-acoso-sexual-a-un-empresario->



CASO 3

“Harvey Weinstein, un dos produtores máis coñecidos e poderosos do cine, foi despedido da produtora que el mesmo fundou, tras as acusacións publicadas no New York Times. No informe incluíanse testemuños gravados pola actriz Ashley Judd e outras mulleres que afirmaron ser vítimas de acoso sexual e violacións por parte de Weinstein. Con todo, os seus compañeiros masculinos de Hollywood (guionistas, produtores e actores) evitaron facer declaracións respecto diso.

O xornal inglés The Guardian contactou con máis dunha vintena de actores e directores que traballaron co famoso produtor Weinstein ou que, na actualidade, teñen proxectos en curso con el e todos se negaron a comentar ou directamente non responderon ás preguntas sobre as acusacións de que o produtor acosou sexualmente ás mulleres durante un período de case tres décadas. Con todo, pouco despois de que a historia saíra á luz, moitas mulleres destacadas de Hollywood (como Lena Dunham, Brie Larson, América Ferrera ou Meryl Streep) prestaron as súas voces en apoio da acusación. Para algúns, o sonoro silencio dos homes de Hollywood reflicte unha cultura máis ampla de misoxinia no negocio do entretemento, impulsada por aqueles que miraron cara outro lado ou ignoraron os rumores, permitindo que as acusacións de Weinstein permanecesen como un “segredo aberto” durante anos”.


<http://www.publico.es/culturas/hombres-hollywood-callan-denuncias-acoso-sexual-poderoso-productor-weinstein.html>



CASO 4

“Ma Rongrong era unha moza de 26 anos que vivía na Provincia Shaanxi, en China. Tiña 41 semanas de embarazo e presentouse o día 30 de agosto do 2017, no Hospital Yulin Numero 1 con dores de parto. O seu parto prevíase para o 5 de setembro pero as contraccións empezáronlle cunha semana de antelación. O persoal médico do hospital examinou a Ma e determinou que necesitaría unha cesárea para poder dar a luz, xa que a cabeza do seu bebé era demasiado grande para poder nacer vaxinalmente. O parte médico describía que a cabeza do seu feto tiña “unha gran circunferencia, o cal faría dificultoso o parto vaxinal”. Pero a lei en China establece que a familia da paciente, ten o dereito de aceptar ou rexeitar calquera intervención cirúrxica que vaia a realizarse no seu familiar. A familia de Ma, e crucialmente o seu esposo, decidiu negarlle a cesárea que ela necesitaba. Na súa inimaxinable desesperación, Ma tentou mesmo saír do centro médico (ollo: en pleno labor de parto), pero impedíronllo. O hospital publicou un vídeo onde se ve a Ma, co seu vestido rosado e o seu pelo nunha cola. Apenas pode camiñar e nun momento cae de xeonllos no piso, rodeada de media ducia dos seus familiares. O vídeo é bastante espiñoso de ver, pero hoxe constitúe evidencia forense porque dentro da súa impotencia, e ante a dor inaturable. Ma tomou unha decisión tanto drástica como trágica. Ao redor das oito da noite do día 31 de setembro, Ma entrou á sala de partos, onde se atopaban parindo outras cinco mulleres, asomouse por unha xanela e lanzouse desde un quinto piso. Trala súa morte, o hospital redactou unhas declaracións onde explica que a dor que lle producía o parto fixo que a condición psicolóxica de Ma “escapara do seu control” e que iso a levou a cometer o suicidio. Agora, despois do horripilante incidente, a familia de Ma e o hospital entraron nunha guerra de palabras, ambos bótanse mutuamente a culpa do ocorrido”.

<http://www.tribunafeminista.org/2017/10/es-hora-de-ampliar-el-concepto-de-feminicidio/>



CASO 5

“Emely estaba embarazada de 5 meses, froito dunha relación de varios anos cun mozo maior chamado Marlon Martínez. O raparigo pertencía a unha clase social acomodada, mentres que Emely non. As investigacións preliminares amosan que Marlon fíxolle unha emboscada a Emely. Pasouna a buscar alegando que irían a un centro médico, pero en realidade a levou ao seu apartamento, co propósito de realizarlle un aborto a Emely en contra da súa vontade.

O informe forense da Procuradoría Xeral da República Dominicana sinala que Emely foi sometida a violencia psicolóxica e física, así como a actos de tortura e barbarie. O informe reza que “no exame interno ao cadáver de Emely atopáronse restos do feto que levaba no seu ventre, contusión do pescozo uterino e canle vaginal, perforación do útero con indicativos de que se aplicou unha gran forza nesa zona e órganos dispersos propios dun aborto inducido”. Na cabeza, o cadáver presentou “un golpe contundente con rotura cranial e hemorraxia cerebral, o que indica que o devandito trauma produciuse en vida, provocado por un obxecto de superficie dura e firme”.

Algunhas persoas argumentan que a Emely a mataron “por pobre”. Din que o problema non era que ela estaba embarazada, senón que a familia adineirada de Marlon non quería que unha rapariga pobre tivese un fillo seu. Na República Dominicana, esta foi unha idea ata certo punto popular.

<http://www.tribunafeminista.org/2017/10/es-hora-de-ampliar-el-concepto-de-feminicidio/>


CASO 6

“O 1 de novembro a revista estadounidense Glamour revelaba que o premio “Muller do Ano” 2016 sería outorgado a Bono... un home. Como dicía alguén nas redes sociais, tiñan media humanidade de onde escoller á muller do ano e decidiron un home. Segundo a revista, esta decisión levoulles un tempo. “Falamos durante anos (sobre) se está ben que lle concedéramos a un home o premio Muller do Ano. Diciamos, os homes xa de seu gañan moitos premios” explicaba Cindi Leive, editora da revista. “Pero empezamos a darnos conta de que esa é unha visión anticuada e que hai moitos homes facendo cousas maravillosas polas mulleres na actualidade”.

Da maneira que se expresa Glamour, unha revista desas que din ser “para mulleres” pero cuxa xunta directiva está liderada na súa maioría por (sorpresa!) homes, as mulleres somos menos que unha porqueira e o simple feito de que un home queira interesarse en axudarnos a reivindicar os nosos dereitos é, de seu, unha fazaña. “Bono puido dedicar o seu tempo a calquera causa, e escolleu os dereitos das mulleres!” coma se os dereitos das mulleres fosen unha causa menor, insignificante.

Que lles parecería recoñecer o esforzo que fan todos os días 3.5 millóns de mulleres e nenas para simplemente sobrevivir nun mundo que non foi ideado para o noso benestar e onde a violencia contra as mulleres e nenas é unha epidemia mundial? É necesario que o movemento feminista se desboque cada vez que algún home nos dignifique, supostamente, cunha desas frases bonitas como “eu creo moito na igualdade”?

<http://lareplica.es/hora-admitir-los-hombres-mejores-feministas/>



CASO 7

“As mulleres e nenas haitianas que foron violadas por cascos azuis (enviados pola ONU para “misiões de paz”), por exemplo, non só sofren a agresión que supón a violación en si, senón que ademais, tópanse con outros mecanismos que seguen exercendo violencia contra elas e contra os fillos que paren dos devanditos soldados: a ONU dá inmunidade diplomática aos seus soldados, polo que as reclamacións das devanditas mulleres nin son oídas nin atopan xustiza.

Do mesmo xeito que as haitianas, tamén noutros países as mulleres son vítimas sangrentas das engrenaxes do sistema patriarcal que rexe ás institucións, onde os cascos azuis son a punta de lanza: Sri Lanka, República Centroafricana, O Congo, etc.

Neste artigo de ctt.es, onde entrevistan o avogado de DDHH, Mario Joseph, faise un compendio do horror que sofren mulleres e nenas en Haití tras os 13 anos de presenza de soldados da ONU: desde abusos ata contaxio de cólera nun país especialmente vulnerable tras o terremoto.

É imposible que os cascos azuis deixen de violar a mulleres e nenos se as engrenaxes do sistema baixo o que actúan segue marcando a esas mulleres e a ese nenos como persoas sen perspectiva de xénero, cuxo único motor, ademais, é o poder e os intereses imperialistas. É imposible, en definitiva, acabar coa violencia contra as mulleres nun mundo como o actual, onde os que poden trazar un cambio non só non saben nin lles interesa cambialo, senón que cando lles dea por achegarse ao problema, descubrirán que para erradicalo só teñen unha opción: marcharse para que sexan outras e outros quen desmonte peza a peza a máquina que eles tardaron séculos en levantar (coa nosa man de obra, por suposto). Descubrirán, se non o saben xa, que é necesario o feminismo para levantar un novo sistema baseado na igualdade, que controle ata a súa mínima expresión todas as relacións de poder e cada un dos módulos de opresión existentes na actualidade”.

http://www.eldiario.es/zona critica/violencia_institucional-haiti-cascos_azules-ONU-violaciones-



CASO 8

“O machismo da linguaxe na RAE. Foi unha antropóloga mexicana, Marcela Lagarde, quen traduciu e reformulou o termo inglés “femicide”, conceptualizado por primeira vez en 1976 por Diana Russel e revisado en 1992 xunto a Hill Radford. Defínese como “o asasinato misóxino de mulleres cometido por homes”. Grazas ao empeño de Lagarde e outras, México foi o primeiro país (en 2007) a incorporar o feminicidio no código penal. Isto ocorreu logo da inquietante desaparición de centenas de mulleres acontecida en Ciudad Juárez desde a década dos noventa. A México seguiron outros Estados, especialmente en países de América Latina como El Salvador ou Perú. En Costa Rica, Chile, Guatemala e Nicaragua, onde tamén está lexislado, o tipifican como “femicidio”. Así tamén se lle adoita chamar en Arxentina, onde se está estudando a súa inclusión no código penal.


A pesar da existencia destes dous termos nas leis latinoamericanas, o dicionario da RAE recolle soamente un, o que lle valeu tamén algunhas críticas, especialmente das teóricas que consideran que se trata de dous conceptos distintos. O “femicidio”, en castelán un termo homólogo a “homicidio”, só se referiría ao asasinato de mulleres, mentres que “feminicidio”, definido por Lagarde, incluíría a variable de impunidade que adoita estar detrás destes crimes, é dicir, a inacción ou desprotección estatal fronte á violencia feita contra a muller. Unha acepción que non contempla o conservador dicionario español, tachado a miúdo de machista. Cabe dicir que a Academia lingüista acaba de suprimir as acepcións sexistas de “feminino” como “débil, feble” e de “masculino”, como “varonil, enérxico”. E é que a RAE é unha institución eminentemente masculina: nos 300 anos da súa historia só oito mulleres estiveron entre os seus membros, e dos seus 43 actuais só sete son mulleres.

<http://es.rfi.fr/cultura/20140410-feminicidio-entra-en-el-diccionario-de-la-rae>



c) Unha vez analizados os exemplos de violencia institucional, toda a clase sentará en círculo, e realizárase a dinámica do nobelo de lá. Irán lanzándose o nobelo entre o alumnado, sen soltar o cabo que lle corresponda a cada persoa, tecendo unha rede. Ao lanzalo, deberán dicir un dos trazos de violencia institucional do seu caso. Unha vez completada a rede, o profesor ou profesora explicará que é o propio sistema capitalista patriarcal imperialista o que se ha de transformar para erradicar a violencia de xénero, pois está enraizada en todas partes, como a nosa rede. Quen recollese por último o nobelo deberá lanzarlló, para ser anobelado de novo, á persoa que anteriormente llo lanzou a el ou ela. Antes de lanzalo deberá expresar unha idea para solucionar o trazo de violencia institucional que denunciou do seu exemplo, e así, sucesivamente, ata recoller por completo o nobelo (20 minutos).

d) Triángulo da violencia de Johan Galtung. Os últimos 10 minutos de clase dedicaranse, a modo de conclusión, a analizar o triángulo da violencia de Johan Galtung.






Actividades en inglés



1. Watch the video: <https://www.youtube.com/watch?v=51-hepLP8J4>
2. Could the situation in the video be real? In what cases?
3. Could you find any cases in your country?



A) Read the text and answer the questions:

1. Do you think Jobs labeled as "female Jobs" through time?
2. Do you think there is "pay gap" in your country?

B) Let's make a survey:

How many of the women you know work on this "female occupations" and how many have other kind of Jobs?

A HUFFINGTON POST GRAPHIC



The Other Gender Gap

A woman makes 77 cents for every dollar a man makes: It's the most often repeated statistic in any discussion of the United States' persistent gender pay gap. What we hear less often is that over one fifth of that gap is due to the fact that the majority of women still work in some of the lowest paying fields.

On the 50th anniversary of the Equal Pay Act of 1963, the White House's National Equity Pay Task Force detailed this other gender gap in a report that compiled data on changes in women's earnings, occupations and overall participation in the workforce from the early 1960s through 2010.

Turns out the top professions for women haven't changed much in 40 years.


50 Years Of Few Job Shifts

10 Leading Occupations of Women

1960	2010
1 Private household workers	1 Secretaries & admin. assistants
2 Secretaries	2 Nurses, professional (Registered)
3 Retail trade, sales clerks	3 Elem. & middle school teachers
4 Elementary school teachers	4 Cashiers
5 Bookkeepers	5 Retail salespersons
6 Waiters & waitresses	6 Nursing, psychiatric, & home aides
7 Nurses, professional (Registered)	7 Waiters and waitresses
8 Sewers & stitchers, manufacturing	8 Retail first-line supervisors
9 Typists	9 Customer service representatives
10 Cashiers	10 Maids and housekeepers

'Female' Jobs Pay Less

Top Two Male and Female Dominated Jobs By Education Level




The Gender Pay Gap Exists Across The Workforce



Sources: National Equal Pay Task Force "Fifty Years After The Equal Pay Act," The National Women's Law Center, The Center for American Progress

THE HUFFINGTON POST



Educación de Persoas Adultas

Actividade 1

Busca a definición de Violencia Institucional e os aspectos que a compoñen: prácticas específicas, suxeitos responsables e contextos nos que se inscriben.

(Pequeno grupo)

Enumera algunha práctica de violencia institucional:

Que suxeitos serían os responsables?
Pon algún exemplo:

En que contextos se pode dar?
Cita algún deles:

Exporemos en gran grupo as conclusións

Actividade 2


Describe unha situación de violencia institucional. (Pequeno grupo)

Clasifícamola segundo corresponda (malos tratos: físicos, psicológicos, etc.)

En grupo-clase facemos a exposición das distintas situacións elaboradas polos grupos.



Recursos



Lucía Berlin, Edita Alfaguara, 2015

Qué ler...

O libro reúne 43 relatos que basicamente resumen a vida da autora. Con claros toques autobiográficos, Lucía Berlin fálanos da súa vida, a da maioría das mulleres e nais que non o tiveron fácil e que, moitas veces e como é o caso das mulleres da limpeza, conviven coa sucidade. Conforme avanza o libro, atopámonos cunha biografía cara a madurez da propia autora. Logra facelo desde puntos aparentemente distintos, nos que se repiten situacións, un ti a ti, cunha narración sumamente honesta, que avoga por unha compaixón que logo di non sentir, (como a da adolescente que busca unha solución para a vida ou a dor como algo real aínda que non sexa tanxible), abordando moitos outros temas nos que Berlín se nos abre espindo e desgarrando a súa alma.

Lucía Berlin foi unha muller que viviu atormentada, que sufriu e que escribiu para deixar constancia de toda a súa dor e construír un manual para as mulleres da limpeza que encarna, mediante a ficción, o cruel que é a vida. (Mariana Teresa Gª Escobar. <http://mariana-is-reading.blogspot.com.es>)

Yadira Calvo, Editorial BELLATERRA, 2017

Esta obra lanza unha mirada crítica cara á lingua castelá e examina os diferentes xeitos en que transmite unha visión cultural

androcéntrica e sexista. A antiga e abusiva identificación entre varón e ser humano enraizada na linguaxe fixou na norma gramatical a sobre-representación do masculino. O patriarcado toma corpo de múltiples xeitos a través da linguaxe: contamina metáforas, tinxe o léxico, torce as definicións, acazázase nos discursos, campa no refraneiro, filtrase nas expresións cotiás, espésase nas inxurias, declárase e alardea, escríbese, cántase e, en fin, encárgase de que sexa abundante a colleita e permanente a plantación. Os modos de dicir afectan os modos de percibir. Por tanto, moitas persoas, sobre todo mulleres eruditas, estudosas ou só sensíbles, sinalaron os agochos e xerarquizacións que tal norma implica. Outras, pola contra, repóñen que isto é irrevogable porque, para cambiar gramática, discursos, palabras e expresións, hai que cambiar a cultura que lles deu orixe e os mantén en pé, e iso vai para longo, se é que vai. A idea é persuadir de que é mellor cruzarse de brazos porque ao patriarcado non hai quen o mova; con todo,

a lingua sosteno como os contrafortes ás vellas catedrais: se se menea o contraforte, o edificio cambalea. (Recensión do editor)



Inma López Silva, Editorial Lumen, 2017

O punto de encontro é o módulo feminino do cárcere de A Lama (Pontevedra). Cinco mulleres. Margot, a moza xitana que se viu abocada á prostitución cando a súa familia a repudiou por procrear un fillo demasiado louro. Valentina, 'Carabonita', a nena violada que abandonou a súa a pequena vila en Colombia para buscarse un futuro en Galicia, que rematou entre reixas e que agora espera un segundo fillo produto dun vis a vis. Laura, que aínda que os seus pais aspiraban a que fose bailarina clásica, acabou levando un moño tirante pero sen tutú, senón co uniforme gris de funcionaria de prisións. Sor Mercedes, a monxa á que lle repugnan os homes e que foi condenada por un caso de nenos roubados. E por último Inma, unha escritora acusada de "homicidio en grao de tentativa inacabada".


Inma, do mesmo xeito que a autora do libro, Inma López Silva. Escritoras as dúas. "Aquellos días en que éramos malas", unha novela escrita durante cinco anos a catro mans, as da Inma real e as da Inma ficticia, dúas mulleres que se funden na primeira persoa e que actúan como testemuñas e portavoces de cinco historias que poden ter o mesmo de real que de literario. Un reflexo da vida no cárcere de cinco mulleres, a converxencia de pasados máis ou menos convencionais, de infancia máis ou menos traumáticas e de futuros máis ou menos venturosos. De onde provén o mal? Por que unha persoa comete un crime? Cando un crime pode estar xustificado? López Silva afonda na natureza humana, na moralidade e as convencións sociais para cuestionarse o papel do sistema penal e denunciar a violencia -tanto física como estrutural- á que moitas mulleres se enfrontan no cárcere e fóra del. (Recensión do editor)

Tal e como di a editora Isabel Carrillo no capítulo que fai de pórtico da obra enteira, "este libro quere contribuír ao debate e á reflexión política e pedagóxica desde a participación democrática, desde a razón dialóxica sensible de todas as persoas que se preocupan e se ocupan da educación do presente. Pensar na educación do futuro é facer xa a educación de hoxe. (...) É desde o presente que se teñen que cambiar as maneiras de mirar a realidade, de sentila e de pensala". Unha carta de presentación magnífica que vai tomando forma, con moitos datos e un rigor moi tramado ao longo de todo o libro.

Isabel Carrillo Flores y otras.
Eumo Editorial SAU. 2017Desfer
la teranyina
del gènere des
de l'educacióIsabel Carrillo Flores (ed.)
Marta Buzquet Artalejo
Rosa Guzmán Acad
Carlos Lomax García
Miguel Ángel Salas

texto online: PROGRAMA SENSIBILIZACIÓN SOBRE "TIPOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULHERES E PREVENCIÓN DE VIOLENCIA EN ADOLESCENTES"

<http://www.fundacionmujeres.es/img/Document/67259/documento.pdf>

mujeres
FUNDACIÓNPROGRAMA SENSIBILIZACIÓN
SOBRE
"TIPOS DE VIOLENCIA CONTRA LAS
MUJERES Y PREVENCIÓN DE
VIOLENCIA EN ADOLESCENTES"Unidad didáctica para el trabajo con alumnado de
Secundaria realizada en el marco del proyecto de EYO
"Educar en Igualdad. Sumando esfuerzos para
prevenir la Violencia de Género". Colaborado por
AEXODtexto online: "Violencia de
xénero no cine español:
análise e guía didáctica"

<http://www.fundacionmujeres.es/img/Document/67259/documento.pdf>




Qué ver: SERIES



Que ver: CINEMA

20TH CENTURY WOMEN. 2016



Conta a historia de tres mulleres (Annette Bening, Elle Fanning e Greta Gerwig) na California dos anos 70. A súa exploración do amor e a sexualidade sen complexos nin limitacións convértena nunha das películas feministas máis recentes.



THE LOVE WITCH. 2016


Protagonizada por Samantha Robinson, é unha homenaxe aos thrillers do technicolor dos 60 que explora as repercusións do narcisismo patolóxico e a fantasía feminina. Dirixe, escribe, produce e compón a música, Anne Biller.

Elaine é unha belísima nova bruxa que decidiu buscar a un home que a ame. No seu apartamento gótico-victoriano fai pocions e feitizos para que os homes se acheguen a ela e queden seducidos ata un límite insán. Con todo, os seus encantamentos teñen efectos, converténdose ao pouco tempo en homicidios. Elaine deixa un rastro cada vez máis grande tras de si, por iso cando por fin atopa ao home dos seus sonhos sen recorrer aos feitizos, a moza obsesiónase ata o punto de querer matalo.



PREVENGE. 2016

Coa directora no papel protagonista, conta a historia de Widow Ruth, unha muller que se atopa embarazada de sete meses. A muller considera que o bebé que leva no seu útero converteuse nun guía que lle indica como ten que actuar. A súa próxima tarefa é converterse nunha asesina que non dubidará en desfacerse do que se interpoña no seu camiño.



AUDRIE Y DAISY. 2016


Aínda que o tema xeral deste documental orixinal de Netflix é o bullying, especialmente exercido a través das redes sociais, a historia céntrase en dúas adolescentes que foron violadas polos seus supostos amigos. Estas dúas mozas, efectivamente, sufriron un acoso tremendo por parte da súa contorna, porque é ben coñecido polas mentes obtusas que nun caso de violación é a vítima a que ten a culpa. Un arrepiante documental que non deixará indiferente a túa visión sobre os abusos sexuais e a condena pública da muller.



Que ver: CINE
ACUSADOS. 1988

Tres homes violan a Sarah Tobías (Jodie Foster) un tras outro, sobre un xogo electrónico de Pinball, á vista de todos, golpeándoa e tapándolle a boca, mentres o resto do grupo encirra aos asaltantes e goza do espectáculo. Sarah esperta no hospital onde se certifica a agresión física e sexual. Absolutamente afundida e aldraxada, recibe outro golpe máis ao comprobar que ninguén cre na súa denuncia de violación. Todo o contrario, debido aos seus antecedentes por mala conduta e consumo de drogas, a súa versión carece de credibilidade; pola contra, é culpada de ir polos bares provocando aos homes.

Este feito, baseado en sucesos reais deu pé a un dos xuízos máis polémicos da xustiza norteamericana.


**Todo sobre mi madre. 1999**

Presenta un episodio de violencia institucional contra as mulleres, ao mostrar a indefensión que sofren as prostitutas e a vulnerabilidade da súa situación, provocada pola falta de dereitos sociais en todos os ámbitos da vida.

**Que ver: VIDEO** Historia de xénero: Violencia Institucional

Historias de mulleres que foron vítimas da violencia de xénero. Unha investigación xornalística que profunda no dereito a unha vida sen violencias e na Lei 26485 de "Protección Integral para Prevenir, Sancionar y Erradicar la Violencia", con testemuños de mulleres e de especialistas.

<https://www.educ.ar/recursos/124789/violencia-institucional>

Que ler/visitar
Revistas dixitais**Proyecto Kahlo. A revolución comeza no teu interior.**

Revista colaborativa feminista. Traballando con paixón polo empoderamento e a representación da diversidade dende 2012.

Os contidos de Proyecto Kahlo están baixo licenza de Creative Commons.
<http://www.proyecto-kahlo.com>



<http://latfem.org/>

**LatFem é un medio de comunicación feminista.**

Con sede na Arxentina, fan xornalismo desde unha perspectiva feminista e interseccional e recoñécense parte e integrantes do movemento Nin Unha Menos. As desigualdades de xénero, clase e raza, as violencias constitutivas das nosas sociedades, pero tamén as súas particularidades e riquezas estruturan a súa axenda e a súa forma de activismo: todo o que precariza as vidas das mulleres e todo o que facemos por estar vivas e libres.




doutra economía.

Traficantes de Sueños comezou a súa andaina en 1995 co obxectivo de xerar un espazo estable onde atopar materiais de reflexión; a ferramenta que utilizamos para iso é o libro, entendéndoo como un medio de transformación individual e colectiva.



<http://antesdeeva.com/>

Revista feminista dixital





Que escoitar: MÚSICA

LES AMAZONES D'AFRIQUE



Todo comezou coa canción "I Play the Kora", un título de enorme poder simbólico nun universo no que o manexo dese instrumento ancestral está destinado aos homes. Trátase dunha peza na que se escoita: "Home, non arruines a miña vida e non me acan-toes nin decidas por min". Despois veu o álbum comple-to.



As amazonas negras do reino africano de Dahomei, tamén coñecidas como as guerreiras Mino, xurdiron no Sé-culo XVII e formaron un disciplinado exército temido polos colonizadores europeos. Hoxe as mulleres loitadoras agrupadas baixo o nome de Les Amazones d'Afrique mu-daron as armas pola música e contra a violencia machista, as mutilacións xenitais, os matrimonios forzados... Son un grupo de Africa Occidental e os seus nomes son Romina

Kone, Angelique Kidjo, Kandia Kouyate, Mariam Doumbia (do dúo Amador te Mariam), Mamani Keita... As citadas e algunhas máis rexistraron o espléndido disco Republique Amazone, en varias linguas, armado con diferentes ritmos africanos e desenvolvido con instrumentos adicionais: guitarras procesadas, electrónica chatarreira, blues do de-serto, funk e ata efluvios dos pantanos de Nova Orleans.



Roba Estesa



INICI BIOGRAFIA TOLU D'INICI

Roba Estesa, un sexteto musical feminino e con mensaxes feministas, que teñen á muller como un dos alicerces da súa música festiva e tradicional. "Somos seis mulleres que subi-mos ao escenario e facemos visible un posi-cionamento político e social dende o marco teórico do feminismo", aseguraba Gemma Polo nunha entrevista recente para a revista Enderrock. O seu primeiro traballo de longa duración, Descalces (Coopula Records, 2016) está inzado de mensaxes co binomio muller e loita cobrando especial protagonismo o rexeitamento explícito nos seus concertos da violencia machista e a reivindicación da tradi-ción e a memoria cun estilo musical que elas mesmas definiron como "folk calentó".



Canal en YouTube



Entre lei e pacto, se

É difícil - por non dicir imposible - escribir sobre calquera tema relacionado coa igualdade de xénero e non facer mención das violencias machistas que temos que soportar as mulleres por iso, por selo. Tan difícil como falar destas violencias sen pensar nos feminicidios, nas violacións, na escravitude das mulleres prostituídas. E nas nais asasinadas polos seus fillos. Só por citarmos algunhas delas. Nesta orde de cousas, escribir dun reclamado Pacto de Estado que practicamente se limita á violencia nas relacións de parella dáme moita preguiza.

Se coa aprobación da Lei Integral Contra a Violencia de Xénero púxose no espazo público a violencia sufrida polas mulleres na intimidade dos seus fogares, onde os seus homes eran donos e señores das súas vidas, hoxe -13 anos máis tarde e cunha media de setenta mulleres asasinadas cada ano - ve a luz o primeiro pacto estatal contra a violencia de xénero. Un pacto onde as organizacións de mulleres e feministas non estiveron representadas, nin está prevista a súa presenza na comisión de seguimento do mesmo. Sen enfoque feminista, o pacto adocece do máis importante.

Ratificado unanimemente polo Senado en setembro, articulado en 10 eixos de actuación con diferentes propostas, o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero non é senón un "consenso de mínimos". Non vou negar que a súa aprobación púxonos de parabéns. Polo menos houbo unanimidade neste documento que ten máis de informe que de pacto. Pero quedan moitos interrogantes sobre cuestións claves que quedaron fóra. Como a inclusión doutras formas de violencia machista fóra do ámbito da parella ou a consideración como vítimas das nais a quen o maltratador asasinou as súas criaturas. Moitas imprecisións e poucos compromisos e orzamento. E todos os interrogantes sobre a forma de implementar as medidas propostas ou o prazo para iso.

Seguindo a estrutura do pacto segundo os eixos de actuación, aí vai o meu resumo:

Sensibilización e prevención

Este primeiro eixo non é senón un recordatorio do que vén establecido na LIVG e que segue sen ser desenvolvido, poñendo de novo sobre o tapete a necesidade de actuar desde a educación. Recoñécese a ineficacia de campañas actuais e propóñense sancións a clubs deportivos que permitan apoloxía de violencia de xénero ou selos identificativos, que xa demostraron a súa ineficacia.

Mellora da resposta institucional

A máis significativa das propostas deste eixo é a modificación da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local para devolverlle as competencias aos concellos en materia de igualdade e violencia, competencias que non se lles debera ter arrebatado. Tamén se fala de modificar a LIVG para ampliar as formas de acreditación da condición de vítima para acceder ao estatuto integral de protección. É importante, pero hai que lembrar que algunhas autonomías xa contan con esta ampliación. Fálase da necesidade de asimilar o concepto e medidas de violencias consignadas no Convenio de Istambul, pero deixa fóra outras formas de violencia como a prostitución - orixe da explotación sexual e a trata - e a aplicación a menores.


Importante tamén é a supresión da atenuante por confesión ou perfeccionar a tipificación de delitos no ámbito dixital, así como o tratamento de inxurias e calumnias en redes. Tamén a recomendación de excluír a relevancia do consentimento da vítima na valoración, o maior control na concesión de licenzas de armas ou o reforzo da especialización nos xulgados. E máis revisións de plans, compromisos, estudos e protocolos. Levamos anos falando do mesmo.

Perfeccionar a asistencia, axuda e protección ás vítimas

Paréceme importante destacar a proposta de habilitación de instalacións amigables onde poder atender ás fillas e fillos das mulleres en situación de malos tratos ou o prazo de dous anos para establecer as Unidades de Valoración Forense Integral (é increíble que non estean a funcionar xa), o plan de acompañamento ou a inclusión das criaturas na valoración. Tamén a proposta de estudo do sistema de renda activa de inserción para substituíla por seis meses de subsidio de desemprego, ampliable por semestres prorrogables, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

Outras propostas falan de potenciar un plan de inserción socio laboral, incrementar a atención das vítimas en zonas rurais, adaptar a información para garantir o acceso á mesma das mulleres con diversidade funcional e máis protocolos, formación especializada e equipos multidisciplinares en sanidade. Máis do mesmo, medidas das que vimos falando desde hai anos e sempre estamos no mesmo punto porque non se implementan.

En canto á asistencia e protección de menores e a adopción de medidas para non dar a custodia compartida ou o réxime de visitas



Seguen a asasinaros

en casos de violencia de xénero, de pouco lle serviu aos fillos de Juana Rivas, entregados ao maltratador pola xustiza. Na ratificación do pacto no Senado incorporouse ao texto unha proposta para outorgar protección ás vítimas incursas en situacións de substracción internacional de menores e cuxa orixe sexa unha situación de violencia de xénero. Mágoa que a tantas Juanas a medida lles chegue tarde.

Fálase tamén de estudos sobre a situación de menores respecto de custodia, visitas e relacións co pai maltratador. Non se fai mención ningunha da Síndrome de Alienación Parental e do uso dela nos xulgados.

Impulso á formación para mellorar a respostas

Este eixo fala de implicar a profesionais das farmacias para informar sobre violencia de xénero, da formación de profesionais de medios de comunicación e a ampliación desta ao persoal de xudicatura e forzas de seguridade en prevención da violencia de xénero e da trata, de violencia a mulleres transexuais e transxénero. Nestes dous últimos casos, en colaboración con entidades que loitan polos dereitos destas mulleres. Esta colaboración non se establece coas organizacións de mulleres ou feministas noutros casos ao falar de formación.

Seguimento estatístico

O documento fala de establecer a obriga legal de obter e prestar datos estatísticos, incluíndo tramos de idade, diversidade, número de menores vítimas, indicadores de inspeccións educativas, estudos sobre violencia sexual e efecto acumulación de asasinatos. Un reconto de datos onde as vítimas son só cifras e nada se sabe da súa vida nin do calvario que tiveron que soportar, sobre o apoio ou a desprotección que atopou por parte de institucións.

Recomendacións a CC.AA., Entidades Locais e outras institucións

Entre outras, propónse instar o goberno central para realizar un pacto na Unión Europea sobre medios de comunicación, de mellorar os recursos nas Comunidades Autónomas ou de suxerir ao Consello Xeral do Poder Xudicial a avaliación da formación do persoal de xudicatura. Esta avaliación é imprescindible, dados os casos de In-Xustiza patriarcal que vemos a diario.

Visualización e atención a outras formas de violencia contra a muller

Fálase só de violencia sexual e de introducir módulos formativos en empresas e administracións públicas, do deseño de programas de prevención, campañas e protocolos e estudos. Respecto á trata, quere impulsar a Lei Integral e modificar a Lei de Protección de testemuñas para mellorar a protección das vítimas. Insuficiente tratamento desta escravitude dada a magnitude da barbarie e o aumento alarmante da prostitución no Estado.

Compromiso económico

O compromiso económico para cinco anos é de 1.000 millóns de euros, 200 con carácter anual. A repartición é de 80 para a Administración central, 20 para os 8.000 Concellos aos que se lles devolven as competencias en igualdade e violencia de xénero - pouca cantidade para tantos concellos - e 100 para as autonomías, que irán destinados a programas de loita contra a violencia de xénero. Non sabemos como vai ser a repartición, porque se se trata de facelo segundo o sistema actual de financiamento ás autonomías, seguirase perpetuando a repartición desigual e xerando vítimas de primeira e de segunda. Falta detallar partidas, obxectivos, medidas ou órgano xestor. Moitas imprecisións sobre un orzamento que parece insuficiente e que comparado cos gastos diversos de Ministerios, para imprevistos e funcións, é ridículo, xa que supón un 10% do orzamento asignado para este programa, segundo denunciaba EU.

Chegadas a este punto, que esperamos do Pacto? Esperamos que a composición da comisión de seguimento inclúa a organizacións de mulleres e feministas. Que se fixen obxectivos e datas. Que se amplíen os supostos de violencias machistas a todas as formas que contempla o Convenio de Istambul. Partidas orzamentarias suficientes e blindadas. Que se converta nun verdadeiro compromiso para todas as partes. Só podemos confiar en empezar a actuar cando a erradicación das violencias contra as mulleres sexa o primeiro punto na axenda política. Vaiteis, o que sempre entendín como cuestión de estado. Pactos, os que queiran, pero non poden ir sós.

Macu Gimeno Mengual
Intersindical Valenciana
macugimeno@intersindical.org
@MacuGimeno


UNHA MENOS
NIN
#



LISTADO DE MULLERES E NENAS ASASINADAS POR VIOLENTOS MACHISTAS DESDE O 1 DE XANEIRO AO 1 DE NOVEMBRO DE 2017

1	1 xaneiro	Estefanía	24 anos	Madrid	Agresor parella
2	1 xaneiro	Matilde	40 anos	Rivas (Madrid)	Agresor parella
3	15 xaneiro	Toñi	33 anos	Huércal (Almería)	Agresor parella
4	16 xaneiro	Blanca	48 anos	Burlada (Navarra)	Agresor parella
5	18 xaneiro	Angeles	79 anos	Madrid	Agresor parella
6	28 xaneiro	J.D.L.	40 anos	Seseña (Toledo)	Agresor parella
7	29 xaneiro	Virginia	55 anos	O Carballino (Ourense)	Agresor parella
8	6 febreiro	Cristina	38 anos	Mora (Toledo)	Agresor parella
9	7 febreiro	Carmen	79 anos	Súria (Bages, Barcelona)	Agresor parella
10	10 febreiro	Sen identificar	93 anos	Portugalete (Bizkaia)	Agresor fillo
11	10 febreiro	Josefa	75 anos	Xàtiva (Valencia)	En investigación
12	10 febreiro	Amalia	90 anos	A Estrada (Pontevedra)	Agresor xenro
13	10 febreiro	Maria José	54 anos	A Estrada (Pontevedra)	Agresor parella
14	11 febreiro	Laura	26 anos	Seseña (Toledo)	Agresor parella
15	12 febreiro	Ana Belén	46 anos	Daimiel (Ciudad Real)	Pareja (trámite separación)
16	12 febreiro	Ana María	18 anos	Daimiel (Ciudad Real)	Agresor parella da nai
17	17 febreiro	Amparo Soler	61 anos	Lleida	En investigación
18	19 febreiro	Margaret	79 anos	El Campello (Alacant)	Agresor parella
19	20 febreiro	Sesé	52 anos	Redondela (Pontevedra)	Agresor parella
20	21 febreiro	Gloria Amparo	48 anos	Valencia	Agresor ex parella
21	21 febreiro	Dolores	47 anos	Gandía (Valencia)	Agresor ex parella
22	21 febreiro	Leydi	34 anos	Santa Perpétua (Barcelona)	Agresor parella
23	22 febreiro	Sen identificar	91 anos	Badajoz	Agresor parella
24	1 marzo	Erika	32 anos	Madrid	Agresor parella
25	2 marzo	Mari Paz	45 anos	Madrid	En investigación
26	12 marzo	Ana María	50 anos	Sevilla	En investigación
27	29 marzo	Ana	42 anos	Campo de Criptana (C. Real)	Agresor parella
28	31 marzo	Yurema	23 anos	Telde (Gran Canaria)	Agresor parella
29	3 abril	Flor	40 anos	Sevilla	En investigación
30	4 abril	Viky	44 anos	La Laguna (Tenerife)	Agresor parella
31	10 abril	Andra Violeta	24 anos	Almería	Agresor ex parella
32	25 abril	Rosa	45 anos	Barcelona	Agresor parella

#Nin
unha
menos



**BASTA XA!
O MACHISMO
MATA**

LISTADO DE MULLERES E NENAS ASASINADAS POR VIOLENTOS MACHISTAS DESDE O 1 DE XANEIRO AO 1 DE NOVEMBRO DE 2017

33	2 maio	Sen identificar	44 anos	Alcobendas (Madrid)	Agresor parella
34	5 maio	Rosario	39 anos	Alcolea del Rio (Sevilla)	Agresor parella
35	14 maio	Sen identificar	27 anos	Madrid	Agresor ex parella
36	18 maio	Ana Gilda	55 anos	Caudete (Albacete)	Agresor familiar
37	27 maio	Susana	55 anos	Ciudad Lineal (Madrid)	Agresor parella
38	27 maio	Valentina	37 anos	Madrid	Agresor parella
39	28 maio	Beatriz	31 anos	Molina de Segura (Murcia)	Agresor ex parella
40	13 xuño	Encarnación G	55 anos	Las Gabias (Granada)	Agresor ex parella
41	24 xuño	Encarnación B	39 anos	Sevilla	Agresor ex parella
42	25 xuño	Fadwa	29 anos	Salou (Tarragona)	Agresor parella
43	30 xuño	Donna	47 anos	Mogán (Gran Canaria)	Agresor ex parella. E.I.
44	30 xuño	Sen identificar	72 anos	Paterna (Valencia)	Agresor fillo
45	4 xullo	Sen identificar	63 anos	Bisbal del Penedés (Tarragona)	En investigación
46	7 xullo	Naiara	8 anos	Sabiñánigo (Huesca)	Agresor tío
47	11 xullo	Josefa	64 anos	Vélez-Málaga (Málaga)	Agresor fillo
48	13 xullo	Dzhulia	21 anos	Guadarrama (Madrid)	Agresor irmán
49	16 xullo	Carmen	66 anos	Huércar (Granada)	Agresor parella
50	16 xullo	Irina	38 anos	Valencia	Agresor parella
51	27 xullo	Sen identificar	39 anos	Sevilla	En investigación
52	31 xullo	Carmen	66 anos	Boro (Coruña)	En investigación
53	2 agosto	Raquel	63 anos	Getafe (Madrid)	Agresor parella
54	5 agosto	Ana Belén	38 anos	Sta. Cruz de Tenerife	Agresor parella
55	21 agosto	Sen identificar	73 anos	A Coruña	Agresor xenro
56	24 agosto	Sofía	42 anos	Arroyo de la Luz (Cáceres)	Agresor parella
57	27 agosto	Sen identificar	89 anos	Arenys de Mar (Barcelona)	Agresor coidador
58	25 setembro	Rosa	25 anos	Cartagena	Agresor parella
59	26 setembro	Paula	21 anos	Osor (Girona)	En investigación
60	27 setembro	Sen identificar	30 anos	Madrid	En investigación
61	28 setembro	Noelia	32 anos	Biskaia	Agresor parella
62	1 outubro	Felicidad	25 anos	Barcelona	Agresor parella
63	3 outubro	Ana Belén	44 anos	Miranda de Ebro (Burgos)	Agresor parella
64	14 outubro	Sen identificar	66 anos	Rubí (Barcelona)	Agresor ex parella
65	22 outubro	María Dolores	38 anos	Cuevas de Almanzora (Almería)	Agresor parella
66	1 novembro	Lilibet	28 anos	El Fraile (Tenerife)	Agresor parella

Fuentes: Intersindical Valenciana realiza o seguimento anual dos asasinatos segundo as noticias na prensa e no Ministerio de Sanidade Servizos Sociais e Igualdade e feminicidios.net

UNHA MENOS
NIN
#

Homes e nenos asasinados (1)

- Aramis, 12 meses. Madrid. Agresor pai.
- Leonardo, 4 anos e Miguel Angel, 5. Agresor pai.
- Non nacido de 6 meses, muller embarazada apunhalada. Agresor futuro pai.
- Malik, 12 anos. Agresor parella de súa nai.
- Neno 12 anos. A Coruña. Agresor pai.
- Neno, 8 meses. Arcos de la Frontera (Cádiz). Agresor pai.
- Sharita, 15 meses. Barcelona. Agresor pai.

(1) Engadimos este caso na listaxe porque forma parte da violencia machista: o pai quería facer dano á nai. Trae un asterisco porque non o engadimos ao computo por non ser nin muller nin nena.

(2) ("vouche dar onde máis doe" díxolle á nai)

As estatísticas oficiais só contabilizan as mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex parellas. Nós contámolas a todas, non só ás que mantiñan unha relación co agresor. Outro tipo de violencia brutal contra as mulleres é a exercida polos fillos ás nais, que se contempla como violencia doméstica e non de xénero, pero para nós é unha manifestación máis do machismo.

Os datos vanse actualizando segundo se van confirmando as primeiras noticias.

Confiamos en que chegue un día que non teñamos que facer este seguimento, que facemos para visibilizar a todas as mulleres e nenos que foron asasinados por delincentes machistas.

Por elas, por todas: BASTA DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES!



25 Novembro 2017

Propostas Didácticas

Todos os níveis educativos

